

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E CELGENE, SL UNIPERSONAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DO EVENTO DE PROMOCIÓN DA INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN EN SAÚDE “TRANSFORMAS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde teñen previsto formalizar coa entidade CELGENE, SL UNIPERSONAL o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ao día seguinte ao da súa sinatura por todo o tempo necesario para o desenvolvemento das accións relacionadas co seu obxecto, tendo como data límite para o seu vencemento o 15 de decembro do 2017.

Que de conformidade co convenio marco subscrito entre as partes o 02.03.2017, o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre as partes para a organización e desenvolvemento da actividade de innovación sanitaria “TRANSFORMAS”.

“TRANSFORMAS” concíbese como un evento para a promoción da innovación e investigación en saúde que ten por obxectivo difundir a estratexia de innovación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que a firma do convenio non supón ningún gasto para o Servizo Galego de Saúde, nin para a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde; comprometéndose CELGENE, SLU a asumir os gastos de organización do evento.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

CELGENE, SLU é unha empresa biofarmacéutica que ten como principal obxectivo cambiar o curso da sanidade mediante innovadoras investigacións científicas e terapias que melloren a calidade de vida dos pacientes.

En cumprimento do seu compromiso coa investigación en saúde CELGENE, SLU desexa contribuír ao desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación en Galicia, colaborando na realización dos fins do Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

A tal obxecto as partes subscribiron o día 02.03.2017 un convenio marco para definir o ámbito da súa colaboración na realización conxunta de actividades de formación, investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico que teñan por obxecto conseguir resultados en saúde que repercutan

positivamente no tratamento dalgunhas as principais enfermidades que afecten á cidadanía de Galicia.

O dito convenio marco, na súa cláusula terceira, establece que para a materialización de proxectos concreto no seu desenvolvemento, deberán firmase acordos o convenios específicos de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de marzo de 2017.